



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

14 FEB. 2024 14:06:18

Entrada **11656**

Pregunta sobre o mal estado de conservación da vía férrea nas

Xúbias

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao estado de abandono do entorno da vía de tren nas Xubias (A Coruña).**

O tramo de vía ferroviaria que pasa polas Xubias (A Coruña) caracterízase por numerosas deficiencias, así como unha total falta de mantemento e de adecuación, que o converteron nunha zona perigosa e de risco para persoas que atravesan as vías que non contan con elementos de protección.


Desde o ano 2017 producíronse xa 4 mortes de persoas, a última vítima unha muller que foi arroiada por un tren o pasado domingo 11 de febreiro.

Por esta vía circulan os trens que realizan a conexión A Coruña-Monforte. Trátase dunha rede convencional, sen electrificar e de vía única. Non está adecuadamente perimetrada en áreas como a que nos ocupa.

Ao longo do percorrido alérganse zonas valadas con outras sen valos ou con barreiras nun avanzado estado de deterioración por onde poden pasar as persoas viandantes para acurtar atravesando as vías directamente.

Dada a situación descrita, cremos que é necesario que o Ministerio de Transportes acondicione adecuadamente este tramo de vía para evitar máis mortes de viandantes: empezando por instalar un valado en condicións óptimas, perimetrar e sinalizar correctamente a área e mesmo considerar a posibilidade de situar un paso elevado para facilitar o tránsito sen risco.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:





1. Ten o Ministerio de Transportes coñecemento do mal estado das medidas de protección da infraestrutura ferroviaria ao seu paso pola zona de As Xubias (A Coruña)?
2. É consciente de que nos últimos sete anos morreron catro persoas por cruzar as vías nese lugar, a última delas o 11 de febreiro?
3. Sabe que o valado situado ao longo da vía é irregular e que se poden atopar zonas valadas xunto a outras no que as barreiras desaparecen por completo ou se atopan nun estado de grave deterioración?
4. Acondicionará e mellorará o Ministerio a protección nesta área, instalando un valado en óptimas condicións e os necesarios elementos de peche e control do paso de persoas viandantes para evitar que se produzan máis mortes?
5. Estudará a posibilidade de instalar un paso elevado para facilitar o tránsito de viandantes?
6. Que previsións ten o Ministerio para mellorar a infraestrutura ferroviaria nesta conexión?

Madrid, a 14 de febreiro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al estado de abandono del entorno de la vía de tren en As Xubias (A Coruña).**

El tramo de vía ferroviaria que pasa por As Xubias (A Coruña) se caracteriza por numerosas deficiencias, así como una total falta de mantenimiento y de adecuación, que lo han convertido en una zona peligrosa y de riesgo para personas que cruzan las vías que no cuentan con elementos de protección.

Desde el año 2017 se han producido ya 4 muertes de personas, la última víctima una mujer que fue arrollada por un tren el pasado domingo 11 de febrero.

Por esta vía circulan los trenes que realizan la conexión A Coruña-Monforte. Se trata de una red convencional, sin electrificar y de vía única. No está adecuadamente perimetrada en áreas como la que nos ocupa.

A lo largo del recorrido se alternan zonas valladas con otras sin vallas o con barreras en un avanzado estado de deterioro por dónde pueden pasar las personas viandantes para acortar cruzando las vías directamente.

Dada la situación descrita, creemos que es necesario que el Ministerio de Transportes acondicione adecuadamente este tramo de vía para evitar más muertes de viandantes: empezando por instalar un vallado en condiciones óptimas, perimetrar y señalizar correctamente el área e incluso considerar la posibilidad de ubicar un paso elevado para facilitar el tránsito sin riesgo.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:



1. ¿Tiene el Ministerio de Transportes conocimiento del mal estado de las medidas de protección de la infraestructura ferroviaria a su paso por la zona de As Xubias (A Coruña)?
2. ¿Es consciente de que en los últimos siete años han muerto cuatro personas por cruzar las vías en ese lugar, la última de ellas el 11 de febrero?
3. ¿Sabe que el vallado situado a lo largo de la vía es irregular y que se pueden encontrar zonas valladas junto a otras en el que las barreras desaparecen por completo o se encuentran en un estado de grave deterioro?
4. ¿Acondicionará y mejorará el Ministerio la protección en esta área, instalando un vallado en óptimas condiciones y los necesarios elementos de cierre y control del paso de personas viandantes para evitar que se produzcan más muertes?
5. ¿Estudiará la posibilidad de instalar un paso elevado para facilitar el tránsito de viandantes?
6. ¿Qué previsiones tiene el Ministerio para mejorar la infraestructura ferroviaria en esta conexión?

Madrid, a 14 de febrero de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso